



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

FEITOS

Mediante escrito do 01 de agosto do 2023, Matilde Massó Lago, secretaria da comisión de selección designada para resolver o concurso de méritos convocado por Resolución do 31 de maio do 2023 para a provisión da praza 23/7009 de profesor/a permanente laboral, comunica a súa imposibilidade de formar parte da comisión debido ao seu cese como directora do departamento dende o 01 de agosto do 2023 debido ao desfrute dunha axuda de recualificación a desenvolver dende o 01 de agosto do 2023 ata o 31 de xullo do 2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo consello de goberno do 30 de abril de 2014) establecen o procedemento para substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

2. No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución da secretaria.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, resolve aceptar a solicitude formulada e dispón a substitución de Matilde Massó Lago por José María Cardesín Díaz, que é o profesor do departamento de maior categoría e antigüidade, de acordo co establecido no apartado 6.5 da antedita normativa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a interesado/a poderá interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou, directamente un recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición contencioso administrativa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R do14/01/2020)

O vicerrector de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
cU2RzfHySJgVOFgYGdiWtw==	Asinado	31/07/2023 14:44:30
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Páxina 1/1
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/cU2RzfHySJgVOFgYGdiWtw==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

